

A COMPAÑÍA

Triatreros Grupo de Teatro nace no ano 2011 no seo da Escola Superior de Arte Dramática. Achegar o teatro á xente é o noso obxectivo principal. Para iso, especializámonos na técnica de Improvisación Teatral.

Coa saga de espectáculos “Improperio” (“Improperio: O comezo”, “Improperio DF” e “Improperio Contraataca”) e “ImproNews” a compañía percorreu gran parte dos teatros e salas alternativas de Galicia e estiveron na MIT de Rivadabía.

No ano 2012, estrea “Hámster” de Santiago Cortegoso, o seu primeiro espectáculo de sala, co que consegue un grande éxito de crítica e público. Programado durante un mes en Madrid, tivo a honra de ser representado en festivais tan prestixiosos como o FIOT de Carballo ou Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas do Morrazo.

No 2013, estrea “Matanza” de Roberto Salgueiro confirmando a progresión da compañía e o seu interese por dar a coñecer os textos de autores Galegos.

En 2015, a compañía crea o seu primeiro proxecto audiovisual: a webserie “Dálle Jas”. Nominado en festivais como “Carballo Interplay”, “Miami WebFest”, “Bilbao WebFest” e os “Mestre Mateo”, foi das primeiras producións destinadas a internet que conseguiu obter máis de 50000 visualizacións.

Neste mesmo ano, Triatreros produce o seu primeiro espectáculo infantil: “Comechíns”. Unha sesión de contos que combina a tradición oral coa comida saudable e que conta con máis de 40 representacións dende a súa estrea.

Na actualidade, está a piques de ser estreada a segunda tempada da webserie “Dalle Jás” e temos en cartel a nosa terceira montaxe de sala: “Listo Para Senteza” escrita por Sergio Macías, así como a nova tempada de “ImproNews” na sala Ártika.